

GABRIEL REI-DOVAL

Currículo

Gabriel Rei-Doval (O Baño-Mugardos, 1967). Doutor en Filoloxía Galega, é profesor de sociolingüística no Departamento de Español e Portugués da Universidade de Wisconsin, Milwaukee (EEUU), onde desenvolve tamén cursos de cultura galega. Previamente ensinou lingua e cultura galegas no Queen's College da Universidade de Oxford e na Universidade de Birmingham. A súa investigación desenvólvese principalmente no eido da sociolingüística e da historiografía lingüística. Na década de 1990 pertenceu ao Seminario de Sociolingüística da RAG. Entre outras publicacións, é coautor dos diversos volumes do *Mapa Sociolingüístico de Galicia (1990-97)* editados pola RAG, así como de *Publicidade e Lingua Galega* e *Mender Galego* (Consello da Cultura Galega). Así mesmo, coeditou o *Manual de Ciencias da Linguaxe* (Xerais) e é autor de *A lingua galega na cidade no século XX. Unha aproximación sociolingüística* (Xerais 2007). É vicepresidente da Asociación Internacional de Estudos Galegos.